

## CHARLAS XURÍDICAS 2010

As charlas xurídicas pretenden achegar ás familias temas xurídicos de relevancia, dun xeito ameno e próximo, dándolles en todo momento a posibilidade de preguntar dúbidas que procuran resolverse no momento.

Este servizo está destinado ás familias de persoas con discapacidade intelectual. As familias deberán de representar o 80% dos asistentes, sendo o número mínimo de participantes 12 (10 familiares) e o máximo de 40 (32 familiares). Entre os temas que se abordarán cabe destacar os procesos de incapacitación, o contrato de alimentos, a herdanza, o patrimonio protexido, o dereito de habitación ou a autotutela.

### **Presentación de solicitudes**

As entidades interesadas deberán de presentar as súas solicitudes por escrito, cubrindo todos os apartados da Ficha de Charlas Xurídicas.

A ficha deberá de achegarse a FADEMGA con dúas semanas de antelación á data de celebración, e pode facerse mediante:

- a) Por correo electrónico á dirección [familias@fademga.org](mailto:familias@fademga.org)
- b) Por fax a través do número 981 51 96 51
- c) Por correo postal á dirección: Vía Pasteur, 53, A. Polígono do Tambre. 15890, Santiago de Compostela.

### **Celebración das charlas**

Preferentemente terán que ser en horario laboral os xoves, aínda que, no caso de ser necesario, a Federación poderá acordar a data, horario e lugar de celebración coa avogada, para que se adapte ás circunstancias da entidade solicitante.

### **Desenvolvemento da actividade**

A persoa encargada de impartir a charla será a avogada que atende as consultas individuais da Asesoría Xurídica, e terá lugar no espazo que facilite a asociación. A **duración aproximada** da súa intervención é de **2 horas**. Pasarase un listado onde firmarán os asistentes e un cuestionario de avaliación.

### **Custe da actividade**

O custe de cada charla ascende a 170 euros, e asúmeo a Federación a través do Programa de Apoio Familiar, de maneira que os asistentes poderán acudir de balde.

**ACLARACIÓN IMPORTANTE:** no caso de que na data sinalada para acudir á charla non apareza un mínimo de 10 familiares, a entidade solicitante terá que asumir o seu custe e non poderá solicitar outra ata pasado un ano.